

Plan de xardinería

A Oma conxuga economía e conservación de hábitats



M. P.-C. | Vigo

Desmontar o estereotipo de xardín británico con céspede e árbores illadas cara a áreas máis naturalizadas é un dos propósitos do plan de organización das zonas verdes dos tres campus elaborado pola Oficina de Medio Ambiente. Os técnicos da Oma ultiman os requisitos técnicos que se esixirán ás empresas concorrentes ao concurso do mantemento das zonas verdes da Universidade. Nese senso, a Oficina diferencia tres tipos de actuación consonte ás características dos terreos emprazados no contorno de escolas e facultades: os destinados aos espazos de xardín de coidado intensivo, as terras axardinadas pero que seguen criterios de respecto á dinámica da vexetación e máis os hábitats forestais de nova creación, que necesitan accións concretas. Ademais, a Oma acoutou parcelas non tratadas para coñecer cal sería a evolución das Lagoas-Marcosende de non sufrir intervención humana.

Prioridades

O director da Oficina, Ignacio Munilla, explica que “preténdese primar as áreas naturalizadas sobre o xardín ornamental, tomado do concepto inglés e centroeuropeo, nado nunha determinada climatoloxía pero que transplantado, esixe atención permanente, sendo caros e dando lugar a hábitats moi pobres”. De feito, estes paisaxes caracterízanse por reducir a biodiversidade e necesitar continuos labores de aireación ou recebado. Pola contra, segundo Munilla, as praderías construídas artificialmente pero de acordo a criterios naturalizados, “non demandan rego nin abono; sendo abundosas en matos e herbas autóctonas, como, por exemplo, o prado de Vilariño baixo Ciencias”.

Contratos

Así, a devandita clasificación de sistemas esténdese aos distintos contratos do concurso para o mantemento dos campus. Xunto a senllas licitacións para Pontevedra e Ourense, en Vigo a convocatoria distinguirá entre áreas de xardín e hábitats naturais.

Dende o comezo da aplicación do plan de recuperación das Lagoas-Marcosende no 2002, as iniciativas da Oma encamiñáronse a reverter a situación inicial. “Á corta de árbores dos veciños por problemas da expropiación das terras, sumouse o emprego de máquinas niveladoras que desfixeron o solo provocando unha desmesurada erosión coas choivas que arrastrou toneladas de terra”, afirma Munilla. O traballo da Oma intenta transformar unha situación moi degradada cunha planificación que teña perspectiva temporal. Deste xeito, a escolla das especies que se reintroducen tivo en conta a altitude e orientación de cada punto do campus para a elección, mesmo, da porcentaxe de cada clase de vexetación, “sen esquecer que a Universidade desenvolve un papel didáctico, co que decidimos emprazar mostras dos sistemas máis representativos de Galicia”, puntualiza o director da Oma.

Con todo, os técnicos da Oficina de Medio Ambiente sinalan casos irrecuperables, “como o do estanque de Filoloxía, localizado encol da derradeira graña, un hábitat moi especial cunha flora propia”. Arestora, as directrices da Oma a medio prazo abranguen a conversión paseniña dos céspedes que arrodean os edificios da Cidade Universitaria en praderías naturalizadas que permitan maior rendibilidade de recursos.